

I PREMIO GALEGO DE EDUCACIÓN

Para o Desenvolvemento e Cidadanía Global

Bases 2020

MÁIS INFORMACIÓN EN:

galiciasolidaria.org

premiogalegoed@galiciasolidaria.org

981 585 189

618 626 627

I EDICIÓN DO PREMIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E CIDADANÍA GLOBAL

*Convocado pola **Coordinadora Galega de ONG de Desenvolvemento** co apoio e financiamento da **Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia***

APARTADO 1. OBXECTO DO PREMIO


Premiar experiencias educativas, proxectos ou propostas pedagóxicas realizadas durante o curso escolar 2019-2020 ou 2018-2019, destinadas a sensibilizar, formar, concienciar, desenvolver un espírito crítico e fomentar a participación activa da comunidade educativa na consecución dunha cidadanía global, solidaria e comprometida coa erradicación da pobreza e das desigualdades sociais, as súas causas e consecuencias e en prol da xustiza global (social, económica, política, ambiental) e do desenvolvemento humano e sostible¹.

APARTADO 2. FINALIDADE DO PREMIO

O premio ten unha tripla finalidade:

- Recoñecer o labor e o esforzo realizado pola comunidade educativa dos centros de ensino galegos para poñer en práctica a Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global nas aulas.
- Promover e fomentar a integración da Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global na educación regrada galega.
- Crear sinerxías e redes galegas entre as comunidades educativas (fundamentalmente profesorado) interesadas nas cuestións abordadas dende a Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global.

1 EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E CIDADANÍA GLOBAL: A Educación para a Cidadanía Global (ECG) forma parte das pedagogías que pretenden afrontar os grandes retos do século XXI. Os seus contidos identifícanse co tratamento global das desigualdades e a posta en valor da diversidade e están orientados a diferentes públicos e a persoas de todas as idades, sexos e culturas. Lévese a cabo en todos os ámbitos da educación (formal, informal, non formal), tanto en centros educativos regrados (escolas, institutos e universidades) como en espazos de lecer e tempo libre, lugares de traballo, o ámbito familiar, en tecidos asociativos e mesmo nos medios de comunicación. Trátase dun concepto vivo e dinámico, suxeito ao cambio, tanto na teoría como na práctica, xa que ao longo da súa historia foi evolucionando vencellado ás perspectivas ou enfoques da mesma. Dende a Coordinadora Galega de ONGD, entendemos a ECG como un proceso socio-educativo encaixado a xerar consciencias críticas. Isto implica facer a cada persoa responsable e activa co fin de construír unha nova sociedade civil comprometida coa solidariedade, entendida esta como corresponsabilidade, e coa construción dun mundo onde a equidade e a igualdade de oportunidades estean aseguradas, onde prevaleza a cultura da paz e as relacións estean baseadas na ética dos cuidados e no principio de non discriminación, solidariedade e cooperación. A ECG ten por obxectivo, pois, crear unha cidadanía que participe activamente na transformación da sociedade dende o ámbito persoal, comunitario e político. Temáticas que aborda a ECG: Interdependencia, Globalización, Corresponsabilidade, Xustiza social, Pobreza, Comercio Xusto, Consumo Responsable, Economía Social, Estilos de vida sostibles, Cambio Climático, Medioambiente, Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, Decrecemento, Interculturalidade, Resiliencia comunitaria, Cultura de Paz, Resolución de conflitos, Dereitos Humanos, Xénero, Coeducación, Democracia, Participación, Valores solidarios, Medios de comunicación, Cidadanía dixital, Movements Sociais, Minorías e Colectivos vulnerables, Diversidades, Desigualdade social, Discriminación, Exclusión social, Alteridad...



I PREMIO GALEGO DE EDUCACIÓN

Para o Desenvolvemento e Cidadanía Global

Bases 2020

MÁIS INFORMACIÓN EN:

galiciasolidaria.org

premiogalegoed@galiciasolidaria.org

981 585 189

618 626 627

APARTADO 3. A QUEN SE DIRIXE

Poderanse presentar docentes ou equipos de docentes de centros de ensino galegos de titularidade pública, concertada ou privada oficialmente recoñecidos pola Consellería de Educación, dos niveis de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional, Centros de Ensinanza de Réxime Especial e Ensinanzas Artísticas.

APARTADO 4. CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN

O premio constará de dúas categorías:

- **Categoría A:** Educación Infantil e Primaria.
- **Categoría B:** E.S.O, Bacharelato, Formación Profesional, Centros de Ensinanza de Réxime Especial e Ensinanzas Artísticas.

Cada unha das categorías comprende aquelas experiencias desenvolvidas en centros que integren as ensinanzas indicadas: colexios rurais agrupados, centros de educación especial, colexios de educación infantil e primaria, colexios de educación primaria, centros públicos integrados, institutos de educación secundaria, centros integrados de formación profesional e centros privados de infantil, primaria, secundaria e formación profesional, réxime especial e ensinanzas artísticas.

Cada centro poderá presentar tantas experiencias como desexe (experiencias a nivel centro, a nivel aula, inter-aulas, inter-centro, etc.).

APARTADO 5. CONTIDO E DOTACIÓN DO PREMIO


Premiaranse 2 experiencias educativas, unha de cada categoría, que recibirán:

1. Elemento distintivo para o centro.
2. Diploma para o profesorado e alumnado implicado.
3. Publicación da experiencia premiada.
4. Asistencia para o profesorado participante ao Acto de Entrega de Premios, que consistirá nunha xornada lúdico-pedagóxica, en formato encontro e que servirá para coñecer e compartir as experiencias gañadoras e finalistas².

Excepcionalmente, os premios (dunha ou das dúas categorías) poderán ser declarados desertos no caso de que o xurado non atope a calidade suficiente para outorgalos.

Este premio é compatible coa concesión de calquera outro premio do que sexa beneficiario o centro ou o profesorado.

² Por mor da COVID-19 o formato do encontro poderá ser de carácter presencial en aforo reducido ou virtual segundo a situación social e sanitaria do momento no que se celebre.



I PREMIO GALEGO DE EDUCACIÓN

Para o Desenvolvemento e Cidadanía Global

Bases 2020

MÁIS INFORMACIÓN EN:

galiciasolidaria.org

premiogalegoed@
galiciasolidaria.org

981 585 189

618 626 627

APARTADO 6. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes e documentación comezará o mesmo día da publicación das bases na páxina web da Coordinadora Galega de ONGD (<https://galiciasolidaria.org/>) e rematará o 30 de novembro de 2020 ás 23:59h.

A solicitude e documentación deberá presentarse por correo electrónico antes do remate do prazo no seguinte enderezo:

premiogalegoed@galiciasolidaria.org indicando en Asunto “**Categoría A**” ou “**Categoría B**”, segundo corresponda.

APARTADO 7. DOCUMENTACIÓN

Será necesaria a presentación dos Anexos I e II, que se describen a continuación:

I. **Certificación** (segundo o modelo Anexo I destas bases) asinada pola persoa responsable da dirección do centro no que se desenvolveu a experiencia, na que figuren:

- Os datos do Centro Educativo no que se inxire a experiencia.
- Os datos (nome, apelidos e DNI) do profesorado que se presenta ao premio (unha soa certificación tanto sexan un ou varios docentes implicados). Entre estes docentes designarase unha persoa coordinadora, que se responsabilizará da documentación e a organización da información que se incorpore á memoria que se presente.
- Certificación de que o centro conta con autorización para o uso das imaxes dos/as menores participantes no traballo, se as houber.

II. **Memoria descritiva da Experiencia** (segundo o modelo Anexo II destas bases) que se aportará en formato pdf.

Aclaracións sobre a memoria descritiva.

A memoria estará elaborada polo/a docente ou equipo de docentes que se presenten ao premio. Deberá estar redactada en lingua galega, tipografía Arial 11, entreliñado 1,5. Poderanse incluír fotografías, gráficos e ligazóns. A memoria axustarase á seguinte estrutura:


-**Datos da experiencia/proxecto**

-**Índice (paxinado)**

-**Xustificación** (descrición dos méritos que fan a experiencia candidata ao premio e vínculo coa Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global)

-**Descrición da experiencia** (ocupará unha extensión máxima de 20 páxinas numeradas) que se considere máis salientable (incluíndo):

1. **Obxectivo/s.** Descrición do obxectivo ou obxectivos xerais e/ou específicos que se pretende acadar coa mesma.



I PREMIO GALEGO DE EDUCACIÓN

Para o Desenvolvemento e Cidadanía Global

Bases 2020

MÁIS INFORMACIÓN EN:

galiciasolidaria.org

premiogalegoed@galiciasolidaria.org

981 585 189

618 626 627

2. Finalidade/s. Explicar si a finalidade da experiencia ten que ver coa sensibilización e concienciación; coa investigación; coa formación; coa mobilización social e a incidencia política. Sendo posible traballar varias ou todas as finalidades.

3. Contexto. Expresarse a necesidade ou dificultade que motivou a posta en práctica da experiencia e o seu vínculo co contexto socioeducativo do alumnado ou centro educativo.

4. Profesorado implicado. Descrición do número de profesorado participante, a súa especialidade e breve especificación das funcións/tarefas realizadas por cada un/unha.

5. Alumnado implicado. Descrición do número de alumnado, especificando curso/s e aula/s e o seu rol no marco da experiencia.

6. Aprendizaxe activa. Descrición das estratexias e metodoloxías empregadas para favorecer a participación activa do alumnado. Se é o caso, inclúense as medidas adoptadas co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

7. Transcendencia. Descrición da implicación na experiencia do resto da comunidade educativa: familias, Concello, AMPAS, ONG, asociacións, etc.; Sinerxías ou traballo en rede con outros centros; Logros que transcenderon as aulas si os houbera.

8. Produto final. Se os houbera, descrición e visibilización dos elementos/traballos/materiais propios elaborados no proceso de ensinanza-aprendizaxe (débense achegar como anexos ou inxeridos na propia memoria para poder valorar).

9. Avaliación. Valoración do logro acadado polo alumnado, profesorado e resto da comunidade educativa no desenvolvemento da experiencia. Farase fincapé nas repercusións organizativas, pedagóxicas e programáticas da metodoloxía do traballo. Indicaranse tamén as perspectivas de mellora do proxecto de cara ao futuro.


10. Impacto. Visibilidade do proxecto, presenza pública a través dos medios de comunicación, nas redes sociais e publicacións, exposicións etc.

11. Conclusións ou outras achegas relevantes non incluídas nos apartados anteriores.

APARTADO 8. CRITERIOS DE SELECCIÓN

A valoración realizarase unicamente a través da memoria presentada a esta convocatoria, polo que calquera outro dato de interese que non conste ou non se cite non será tido en conta.

Valoraranse todos aqueles aspectos que describan accións concretas, metodoloxías aplicadas e logros acadados. Non se valorarán aspectos retóricos, descricións baleiras e teorías pedagóxicas sen visibilidade da súa aplicación na aula. Os criterios de valoración das experiencias estableceranse en dúas fases:



I PREMIO GALEGO DE EDUCACIÓN

Para o Desenvolvemento e Cidadanía Global

Bases 2020

MÁIS INFORMACIÓN EN:

galiciasolidaria.org

premiogalegoed@galiciasolidaria.org

981 585 189

618 626 627

Fase 1: Aplicaranse criterios eliminatorios para filtrar que as experiencias candidatas:


- Respondan á temática de Educación para o Desenvolvemento a Cidadanía Global garantindo que non pasen a finalistas experiencias doutros temas ou que contemplan valores opostos á EPDCG.
- Que se cumpran os aspectos formais indicados nas bases (documentación a chegar, idioma, formatos, etc.)

A fase 1 nos dará dúas categorías de experiencias, Apta ou Non apta. As experiencias "APTAS" pasarán á segunda e última fase de valoración.

Fase 2: Valoración das experiencias "Aptas":

As experiencias poderán obter unha valoración máxima de 100 puntos, segundo os seguintes criterios:

A)	Centros educativos de titularidade pública	2 PUNTOS
B)	En canto a obxectivos	ATA 10 PUNTOS
C)	En canto a finalidades (sensibilización, educación, investigación, mobilización social e incidencia política)	ATA 10 PUNTOS
D)	En canto a metodoloxías (carácter innovador, orixinalidade, coherencia, etc.)	ATA 10 PUNTOS
E)	En canto a competencias, contidos e temáticas traballadas	ATA 10 PUNTOS
F)	En canto ao nivel de implicación da comunidade educativa: profesorado, alumnado e outros colectivos	ATA 10 PUNTOS
G)	En canto ao grao de colaboración/coordiación interdisciplinar e vínculos con outros proxectos/iniciativas do propio centro	ATA 10 PUNTOS
H)	En canto a sinerxías e traballo en rede con outras experiencias e/ou centros educativos	ATA 10 PUNTOS
I)	En canto ao Impacto (efectos e aprendizaxes xerados)	ATA 10 PUNTOS
J)	En canto ás posibilidades de replica (aplicación da a experiencia noutros contextos e/ou noutras etapas educativas)	ATA 8 PUNTOS
K)	En canto a materiais creados ou xerados na experiencia (teñen que ser anexados ou inxeridos na memoria para poder valorar)	ATA 10 PUNTOS



I PREMIO GALEGO DE EDUCACIÓN

Para o Desenvolvemento e Cidadanía Global

Bases 2020

MÁIS INFORMACIÓN EN:

galiciasolidaria.org

premiogalegoed@galiciasolidaria.org

981 585 189

618 626 627

APARTADO 9. XURADO

O xurado será diverso e plural. Para garantir unha representatividade o máis semellante á realidade, o xurado estará composto como mínimo por un 60% de mulleres, xa que tanto o sector da cooperación galega como o eido educativo son dous sectores moi feminizados. Estará formado por 6 persoas, das cales:

- 1 membro da equipa directiva da Coordinadora Galega de ONGD.
- 1 persoal técnico da Coordinadora Galega de ONGD.
- 1 representante da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea ou da Cooperación Galega.
- 2 persoas galegas expertas en Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global.
- 1 docente con experiencia en desenvolver proxectos de EPDCG que non presente candidatura nesta convocatoria.


APARTADO 10. RESOLUCIÓN

A comisión de selección composta polo xurado designado, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha resolución provisional dos premios concedidos no prazo máximo dun mes (31 decembro 2020). Esta resolución provisional poderá consultarse na web da Coordinadora Galega de ONGD así como será notificada por correo electrónico a todas as candidaturas que fosen presentadas en tempo e forma.

A partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional dos premios, abrírase un prazo para presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas. Este prazo estará aberto entre o 1 e o 15 de xaneiro (ambos incluídos). Unha vez revisadas as alegacións ou reclamacións, a comisión de selección elevará a proposta definitiva de resolución dos premios concedidos ao Presidente da Coordinadora Galega de ONGD, quen ditará resolución.

A resolución definitiva de concesión de premios se publicará a 31 de xaneiro de 2021. Na mesma se indicarán as experiencias gañadoras en cada categoría, publicarase na páxina web da Coordinadora Galega de ONGD, e do mesmo xeito, se fará chegar unha notificación por correo electrónico a todas as experiencias que presentaran a súa candidatura nos tempos e formas indicados nesta convocatoria³.

³ Por mor da COVID-19, esta comisión, gárdase a opción de posibles variacións dos prazos para as distintas fases do proceso do Premio, sendo estas publicadas como *AVISOS á convocatoria do mesmo, de ser o caso.



I PREMIO GALEGO DE EDUCACIÓN

Para o Desenvolvemento e Cidadanía Global

Bases 2020

MÁIS INFORMACIÓN EN:

galiciasolidaria.org

premiogalegoed@
galiciasolidaria.org

981 585 189

618 626 627

APARTADO 11. DIFUSIÓN DAS EXPERIENCIAS

A presentación a esta convocatoria implicará, no caso dos traballos premiados, o compromiso de participación nas accións de difusión que se organicen, así como a cesión a favor da Coordinadora Galega de ONGD dos dereitos de edición e publicación das experiencias

No caso de que os/as autores/as decidisen publicar os traballos premiados por outras vías, poderán facelo unha vez se realice o acto de entrega de premios e deberán facer constar na publicación o nome e o logo do premio concedido.

Os/as autores/as quedarán comprometidos a realizar as modificacións precisas nos documentos finais e/ou subministrar os ficheiros de código fonte necesarios para que poidan ser publicados total ou parcialmente no formato máis axeitado.

APARTADO 12. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Coordinadora Galega de ONGD coa finalidade de levar a cabo o proceso de concesión deste premio.

Así mesmo, as experiencias presentadas serán incorporadas ao Mapa Galego de Experiencias de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global no marco do proxecto "Investigando no territorio para coñecer e recoñecer os centros educativos que traballan educación para o desenvolvemento e a cidadanía global en Galicia", financiado por Cooperación Galega da Xunta de Galicia con fins divulgativos e de investigación, que se poderá consultar na ligazón <https://emapic.es/custom/epd-experiencias>. O tratamento dos datos baséase no cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46CE (Regulamento xeral de protección de datos).

As/os autoras/es poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento e oposición dos seus datos, poñéndose en contacto coa Coordinadora Galega de ONGD no enderezo electrónico: premiogalegoed@galiciasolidaria.org indicando en Asunto: LOPD.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2020.

Convoca



**COORDINADORA
GALEGA DE ONG**
para o Desenvolvemento

Financia



**XUNTA
DE GALICIA**



cooperacióngalega